

PREMIOS

Alumni-UVigo 2024



Inscripción
Ata o luns
10 de xuño de 2024
ás 23.59 h
(hora peninsular española)

Máis información
https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13558



UniversidadeVigo

Área de Emprego
e Emprendemento



Consello Social
Universidade de Vigo

PREMIOS

Alumni-UVigo
2024



Inscripción
Ata o 10 de xuño

Universidade de Vigo

Premios Alumni-UVigo 2024

En febreiro de 2021, a Universidade de Vigo pon en marcha o proxecto Comunidade Alumni-UVigo co apoio e coa colaboración do Consello Social. O obxectivo principal de Alumni-UVigo é fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre as persoas egresadas da Universidade de Vigo, de tal maneira que manteñan unha conexión permanente coa institución e cos seus fins ao longo de toda a súa vida profesional e persoal.

Co fin de fomentar a participación neste proxecto e para o desenvolvemento dos seus fins, Alumni-UVigo convoca a terceira edición dos Premios Alumni-UVigo.

Bases

1. Obxecto

O obxecto destes premios é promover a excelencia e recoñecer o labor persoal e profesional daquelas persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo que destaquen por unha traxectoria que achegue valor e teña unha clara vontade de inducir cambios na sociedade. Igualmente, con estes premios preténdese incentivar a relación da Universidade de Vigo co seu antigo alumnado.

Establécense as seguintes categorías de premios:

- Premios Alumni-UVigo Emprendemento
- Premios Alumni-UVigo Humanidades
- Premios Alumni-UVigo Impacto Social
- Premios Alumni-UVigo Investigación
- Premios Alumni-UVigo Traxectoria Profesional

2. Requisitos

Estar rexistrado como membro da comunidade Alumni-UVigo: <https://alumni.webs.uvigo.es/>.

Na categoría do premio Alumni-UVigo Emprendemento, a persoa candidata ten que ser a fundadora dunha iniciativa empresarial, e esta non pode ter máis de cinco anos de vida dende a alta como autónomo ou da constitución da sociedade, entendéndose como esta a data de inscrición no Rexistro Mercantil, Rexistro de Cooperativas ou orde específica.

3. Premios

As persoas premiadas recibirán un galardón e un diploma acreditativo, que simboliza o recoñecemento, por parte da Universidade de Vigo, e en particular da comunidade Alumni-UVigo, da achega realizada á sociedade. Os premios non implican unha asignación económica.

4. Presentación de candidaturas e documentación

As persoas ou os equipos que presenten a súa candidatura deberán cubrir o formulario accesible neste enlace (https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13558).

Unha mesma candidatura pódese presentar a diferentes categorías. No caso de que resultase finalista en varias, o xurado decidirá a cal dos premios opta. Xunto co formulario electrónico achegárase a seguinte documentación:

1. Currículo (formato libre).
2. Resumo dos principais méritos alcanzados que le fan merecedor do premio (máximo 100 palabras).
3. Outra documentación que avale a candidatura (cartas de apoio de terceiros, hemeroteca, certificados de empresa...).

Non se tramitarán as solicitudes presentadas por outras vías. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou de necesidade de máis información durante o período de presentación das candidaturas, poderán dirixirse a: alumni@uvigo.gal.

O prazo de presentación das candidaturas finaliza o luns 10 de xuño de 2024, ás 23.59 horas (hora peninsular española).

5. Xurado e criterios de selección

O xurado estará composto por:

- O reitor da Universidade de Vigo, ou a persoa en quen delegue.
- O presidente do Consello Social, ou a persoa en quen delegue.
- O presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, ou a persoa en quen delegue.
- Un representante da Universidade de Vigo por cada unha das cinco categorías de premios:
 - Emprendemento: vicerreitoría con competencias en emprendemento
 - Humanidades: vicerreitoría con competencias en extensión universitaria
 - Impacto Social: vicerreitoría con competencias en responsabilidade social
 - Investigación: vicerreitoría con competencias en investigación
 - Traxectoria Profesional: vicerreitoría con competencias en relacións coa empresa

A pre-selección das candidaturas por parte do Xurado realizarase atendendo as achegas e curriculum presentado polas persoas candidatas, seleccionando aquelas que contribúen de forma substancial ao desenvolvemento da súa profesión con impacto a nivel rexional, nacional e/ou internacional.

6. Fallo e publicación

O xurado seleccionará tres finalistas para cada modalidade de premios.

Os acordos do xurado son inapelables e poderá declarar deserto o premio xustificando os motivos desta decisión.

A listaxe de finalistas publicárase antes do 15 de xuño na web de Alumni-UVigo <https://alumni.webs.uvigo.es/>.

A partir desta data abrírase un prazo de votación entre todas as persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo (i. e., formalmente rexistradas e posuidoras da acreditación) para elixir de entre as tres persoas finalistas o gañador ou gañadora de cada modalidade.

7. Acto de entrega de premios

As persoas que resulten gañadoras de cada modalidade de premios coñeceranse nunha cerimonia pública que se prevé celebrarse o xoves 18 de xullo do 2024 e a que se lle dará unha ampla difusión a través das redes sociais e dos medios de comunicación.

8. Datos persoais e confidencialidade

A UVigo, así como todas as persoas participantes no proceso, comprométese a garantir a confidencialidade da documentación achegada nas candidaturas e no proceso de avaliación.

A UVigo poderá utilizar os datos das persoas finalistas para labores de promoción e de difusión dos premios.

9. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica, por parte das candidaturas, o coñecemento e a total aceptación destas bases.